

IES MUGARDOS	IES de Mugar dos. Departamento de XEOGRAFÍA E HISTORIA		ESO 1.º ESO 2016 - 2017
	MATERIA	XEOGRAFÍA E HISTORIA	
	PROFESOR/A	MANUEL LÓPEZ PAZOS	

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

O planeta Terra. Neste tema estudaremos a Terra e a súa situación no Universo

O relevo da Terra. Neste tema centrarémonos na capa externa da Terra mediante o estudo do relevo e os continentes.

A hidrosfera: auga doce e auga salgada Este tema está dedicado ao estudo da auga na natureza: os océanos e as súas dinámicas, os mares, os ríos e os lagos.

O tempo atmosférico. Este tema céntrase no estudo da atmosfera, o tempo e o clima. **Os climas da Terra.** Neste tema estudaremos os diferentes climas e paisaxes da Terra.

2.ª AVALIACIÓN

As paisaxes de climas temperados. Neste tema traballaremos os climas e as paisaxes de España e Europa, as paisaxes de climas temperados propios desta rexión do mundo.

As paisaxes de climas extremos. Neste tema identificaremos as paisaxes de climas extremos, insistindo na súa localización, nas súas características climáticas e a súa vexetación.

Problemas ambientais O punto de inicio do tema é o estudo do ecosistema terrestre e mariño; comprendendo a fragilidade da Terra e considerando esta como un ecosistema fráxil e que non debemos alterar.

A Prehistoria. Traballaremos como eran e como vivían os primeiros poboadores.

As primeiras civilizacións: Mesopotamia e Exipto. O obxecto de estudo deste tema son dúas das civilizacións antigas máis importantes: Exipto e Mesopotamia.

3.ª AVALIACIÓN

Grecia, de polis a imperio. Neste tema estudaremos o mundo grego: as súas orixes e expansión, a súa organización política, a súa vida e costumes.

Colonizacións e pobos prerromanos. Este tema céntrase no estudo dos pobos que habitaron ou colonizaron a península Ibérica e, particularmente, o territorio galego antes da chegada dos romanos.

Roma, da República ao Imperio. Este tema xira ao redor de Roma. Estudaremos a súa evolución histórica: a Monarquía, a República e o Imperio.

O legado da Antigü idade. O obxecto de estudo deste tema é a herdanza que romanos e gregos deixaron. Estudaremos a súa relixión, filosofía, ciencia, arte e arquitectura.

A Hispania romana. Neste céntrase no estudo da presenza romana na península Ibérica e na herdanza cultural que deixou.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude	10 %		
Conceptos e procedementos	%	Probas escritas	70 %
		Traballos/Proxectos	20 %
		Lecturas	NON HAI

Actitude, falamos de un comportamento axeitado e non disruptivo, un respecto polo grupo e o profesor, tendo en conta ao mesmo tempo as faltas de asistencia e as de puntualidade non xustificadas.

Conceptos e procedementos, referimos a actividades na aula, con exames (dous por avaliación coma mínimo) e traballos que irán realizando ao longo do curso.

Todo o dito anteriormente queda suxeito a práctica docente co cal pode haber algún cambio no devenir das avaliacións.

Nas probas escritas descontarase 0,05 por faltas leves (ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves.

No caso de detectar que se copia nos exames retirarase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

PLAN DE LECTURA ANUAL Hora de Ler: Si/Non Lerase documentos, e fragmentos do libro de texto.

TIC Potenciar a creación de vídeos por parte dos alumnos. Potenciar a análise de fontes de información na Rede. Empregar programas e páxinas multimedia na aula. Ensañar metodoloxías de ensino a través de blogs e redes sociais. Recomendar páxinas web.

-Asesorar nunha correcta utilización da Rede como fonte de información. Asesorar nun correcto uso de programas como Power Point ou similares. -Aproveitar a Rede para realizar actividades a distancia con outros centros/institucións. Axilizar o contacto e o feedback colgando na Rede material realizado polos alumnos, exames, comentarios, etc.

PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...

Iranse introducindo ao longo do curso.